



CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
Tlf. 886 15 18 98

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE SESTELO BAIÓN
CURSO: 2º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS SOCIAIS
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

As competencias clave que se traballan nesta área son as sete mencionadas no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia** :

- Competencia en comunicación lingüística . (CCL)
- Competencia en comunicación matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. (CCMCT)
- Competencia dixital. (CD)
- Competencia en aprender a aprender. (CAA)
- Competencias sociais e cívicas. (CSC)
- Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor. (CSIEE)
- Competencia en conciencia e expresións culturais. (CCEC)

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	<p>2º-CSB1.1.1-Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC e outras fontes directas e indirectas, selecciona a información relevante e a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica.</p> <p>2º-CSB1.1.2-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.</p>
B1.2. Traballar en equipo e adoitir un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	2º-CSB1.2.1-Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.
B2.2. Observar e localizar nun mapa os lugares nos que hai auga distinguindo entre zonas de auga doce e salgada.	2º-CSB2.2.1-Identifica os lugares onde hai auga na contorna e localiza, en mapas sinxelos, como se distribúe a auga doce e salgada no territorio.
B2.3. Coñecer os elementos básicos que forman un ecosistema, identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e espertando actitudes de defensa, respecto e recuperación deles.	2º-CSB2.3.1-Explica de maneira sinxela os elementos básicos que forman un ecosistema identificando as actividades humanas que orixinan desequilibrios neles e cita algunha medida de respecto e recuperación.
B2.4 Realizar sinxelos traballos dalgún ecosistema en concreto: acuático, terrestre.	2º-CSB2.4.1-Nomea os elementos e as características básicas dos ecosistemas sobre os que se investigou na aula.
B2.5. Identificar as diferenzas entre paisaxe natural e urbana, analizando en grupo as consecuencias que a intervención humana provoca na conservación da paisaxe natural e definindo algunhas medidas para a conservación desta.	<p>2º-CSB2.5.1-Identifica os elementos da paisaxe natural e urbana mais próxima.</p> <p>2º-CSB2.5.2-Describe as paisaxes de costa diferenciándoas das de interior.</p> <p>2º-CSB2.5.3-Coñece e leva á practica accións positivas para a protección do medio natural.</p>
B3.1. Coñecer organización social da súa contorna próxima e as súas formas de goberno e diferenciar entre unha localidade e un municipio.	2º-CSB3.1.1-Describe a organización social da contorna mais próxima e as súas formas de goberno e diferencia entre que é unha localidade e un municipio.
B3.2. Identificar as funcións e servizos dos seus diversos organismos: bombeiros e bombeiras, policía...	2º-CSB3.2.1-Explica e valora as funcións que desempeñan algún dos servizos do Concello.
B3.3. Recoñecer a importancia que o exercicio activo da cidadanía polas persoas que o habitan ten para unha convivencia pacífica.	2º-CSB3.3.1-Describe algunhas accións da cidadanía que contribúen ao desenvolvemento dunha convivencia pacífica.
B3.4. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes	2º-CSB3.4.1-Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vianova de Arousa)
ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es
 Tlf: 886 15 18 98

grupos sociais.	escolares.
B3.5. Recoñecer algunha das manifestacións culturais e obras mais representativas da comarca e da comunidade, valorar a súa diversidade e contribuir á súa conservación.	2º-CSB3.5.1-Explica oralmente algunhas festas, costumes, folclore,..propias da escola, da cidade, da comunidade así como algunha obra que sexa moi representativa na contorna próxima.
B3.8. Coñecer e respectar as normas básicas do coidado e seguridade viaria como peóns e peoas e como persoa usuaria de medios de transporte.	2º-CSB3.8.1-Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro ou viaxeira e como peón ou peoa nos medios de transporte. 2º-CSB3.8.2-Recoñece a importancia do coidado e limpeza da vía pública e dos seus elementos.
B4.1. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	2º-CSB4.1.1-Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.
B4.3. Recoñecer, comprender e ordenar cronoloxicamente os cambios producidos polo paso do tempo na evolución dos obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.	2º-CSB4.3.1-Ordena cronoloxicamente distintas secuencias que indican a evolución no tempo de obxectos, persoas, feitos ou acontecementos sobre os que se investigou.
B4 5. Coñecer que é un museo, cal é a súa función e valorar o seu papel gozando da contemplación de obras artísticas.	2º-CSB4.5.1-Explica que é un museo e cales son as súas funcións.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

CEIP SESTELO-BAIÓN

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)
ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es
 Tlf. 886 15 18 98

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Corrección dos traballos escritos feitos polo alumnado día a día na materia: fichas entregadas pola titora, actividades propostas relacionadas coa materia.</p> <p>Valoración de actividades orais.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Probas escritas realizadas no primeiro e segundo trimestre. -Observación e valoración da evolución do alumnado. -Traballo en equipo. -Participación nas distintas actividades organizadas polo Centro.
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <ul style="list-style-type: none"> -1ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso. -2ª Avaliación: computará un 45% do total da cualificación final do curso. -3ª Avaliación: valorarase a realización das tarefas encomendadas durante o período de atención educativa non presencial cun 10% do total da cualificación final do curso. Faise constar que durante esta avaliación traballárase na recuperación e reforzo dos estándares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas dúas primeiras avaliacións.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Propóñense a diario actividades de repaso dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial, exclusivamente dos contidos que a titora considera que a maioría dos/as alumnos/as non chegou a interiorizar e comprender correctamente. -Asemade propóñense algunhas actividades de ampliación nas que se avalían os contidos xa traballados no primeiro e segundo trimestre. En ningún caso serán avaliados novos conceptos. -Para a minoría que non ten interiorizados os contidos básicos aos que nos referimos anteriormente, propóñense actividades de reforzo. Estas actividades están coordinadas pola orientadora conxuntamente coa profesora de P. T. e o profesor de A. L. -Visualización de vídeos explicativos e lúdicos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Realización de actividades, inicialmente a través de Abalar móbil e, posteriormente, a través da aplicación Agueiro. En casos puntuais tamén a través de correo electrónico.</p>

CEIP SESTELO-BAIÓ

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

ceip_sestelo_baiou@edu.xunta.es

Tlf: 886 15 18 98

Materiais e recursos

Recursos materiais: imprimibles, descargables, audiovisuais, ligazóns páxinas web.

Recursos humanos: profesorado de aula (titores/as e especialistas) e Profesorado de PT e AL (nos casos necesarios).

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<ul style="list-style-type: none"> -E-mail -Teléfono -Abalar móbil -Aguero
Publicidade	-Paxina web do centro